

as AUTORAS e os AUTORES

Alonso Hermida, José Luís (Morgadáns, 1955).
Cursou bacharelato no Instituto Santa Irene de Vigo. Traballa como comercial para un laboratorio farmacéutico. É membro da xunta directiva da Asociación Cultural San Roque de Morgadáns. A súa sensibilidade levouno a proporlle ao IEM o estudo de posibles actuacións para recuperar a figura de Victoriano Taibo, tan vinculado á súa parroquia.

Alonso Montero, Xesús (Vigo, 1928). A súa infancia e adolescencia é do Ribeiro. Foi profesor de ensino medio e de universidade. Catedrático Emérito de Filoloxía Galega da Universidade de Santiago de Compostela, membro numerario da Real Academia Galega, director do Centro de Estudos Rosalíanos, este polifacético intelectual leva publicados cincuenta libros, o último titulado *Os escritores Galegos ante a guerra civil*, e, a punto de saír, *Cento dez cartas de republicanos galegos condenados a morte*.

Dacosta Alonso, Marta (Vigo, 1966). Licenciada en Filoloxía Galego-Portuguesa pola Universidade de Santiago. Autora da guía de lectura *Análise práctica de Con pólvora e magnolias*, X. L. Méndez Ferrín e coautora de *Lingua e Literatura, Bacharelato*, do Consorcio Editorial. Ten analizado tamén a obra literaria de Manuel María, *Construír unha patria. A poesía de Manuel María entre 1957 e 1977*. Como poeta recibiu os premios A Peneira, O Grelo de poesía, González Garcés, Martín Códax e o accésit do Esquíu e publicou os seguintes libros: *Crear o mar en Compostela*, 1994, *Pel de ameixa*, 1996, *Setembro*, 1998, *En atalaia alerta*, 2000 e *As Amantes de Hamlet*, 2003.

Fernández Rei, Francisco (Fefiñáns, Cambados, 1952). Catedrático de Filoloxía Románica da Universidade de Santiago de Compostela. Membro numerario da Real Academia Galega desde 1999, onde ingresou co discurso *Ramón Cabanillas, Manuel Antonio e o Mar da Arousa. Dúas singraduras na construción dun idioma para unha patria*. Desde hai anos investiga o galego oral e as súas variedades dialectais. Coordinou e corredeactou o volume I do *Atlas Lingüístico Galego* dedicado á morfoloxía verbal (1990) (Premio da Crítica de Investigación 1991), o vol. IV sobre o tempo atmosférico e cronolóxico (2003) e o vol. VI dedicado á terra, plantas e árbores. É autor de *Dialectoloxía da lingua galega* (1990) (Premio Losada Diéguez 1990 de Investigación) e o audio-libro *A nosa fala*.

Bloques e áreas lingüísticas do galego (2003, 3 Cds + libro, en coedición con Carme Hermida. Ocupouse da posición do galego na Romanía, a elaboración do galego moderno e a lingua literaria, a problemática do galego de Asturias, León e Zamora (e o "galego" de Cáceres) e a situación das linguas románicas minorizadas, particularmente a aragonesa e a sarda. Nos últimos anos tense ocupado, tamén, do patrimonio marítimo e fluvial.

Forcadela, Manuel (Manuel Santiago Fernández Álvarez) (Forcadela, Tomiño, 1958). Catedrático de Lingua Galega e Literatura de Ensino Medio, en excedencia. Na actualidade exerce como Profesor Titular na Facultade de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo. Doutor en Filoloxía Galaico-Portuguesa cunha tese sobre a poesía de Eduardo Pondal. É autor de máis dunha vintena de obras que abranxen a poesía, a narrativa e o ensaio literario. Como poeta é autor de *Ferida acústica de río* (1981), *O regreso das ninfas* (1985) e *O varredor en outono* (1987) *Nausícaa* (1992), *Profecía* (1992), *Morte do fadista* (2000), *Refutación da musa* (2001), *Lámpada e medusa* (2002) e *Música de cinza* (2008). Como narrador é autor de novela negra *Sangue sobre a neve* (1990), *Barato, barato* (1991) ou *Fóra de xogo* (1993); de novelas como *Paisaxe con muller e barco* (1992) e de narracións: *Contos interruptus* (1993), *Anxélica* (1994), *A equipaxe do azar* (1994), *A armada invencible* (1996) e *A procura do falso Grial* (2005). Entre a súa obra ensaística indicamos *A harpa e a terra (Unha visión da poesía lírica de Eduardo Pondal)* (1988), *Eduardo Pondal. Poesía, edición crítica, prologada e anotada* (1988), *Estudos sobre Os Eoas de Eduardo Pondal* (2005); así como os videos documentais *María Mariño: a flor das raparigas en sombra* (2007) e *Cólera*, (2007).

Requeixo, Armando (Mondoñedo, 1971). Profesor de Lingua Galega e Literatura no Ensino Medio, tendo desempeñado tamén labores docentes no Departamento de Filoloxía Galega da Universidade de Santiago. Co-responsable da edición e estudo da antoloxía de conto galego actual *Materia prima. Relatos contemporáneos* (2002), amais de editar en catro volumes a escolma bilingüe galego-castelá *Antoloxía de narrativa galega* (2007). Ensaísta e tradutor; é membro da Asociación de Escritores en Lingua Galega, da Sección de Crítica desta e mais da Asociación Española de Críticos Literarios e recibiu varias distincións polo seu labor como

crítico, investigador e tradutor. Como crítico literario, actualmente, e dende hai anos, exerce como comentarista habitual na revista *Tempos Novos* e nos xornais *Faro de Vigo* e *Diario de Ferrol*, colaborando tamén no programa sobre literatura "Libro aberto" da Televisión de Galicia e nas páxinas culturais do semanario *A Nosa Terra*.

Martínez, Iago (Vigo, 1979). Licenciado en Ciencias da Información na Universidade de Santiago (USC) e doutorando en Filoloxía Galega, traballou como xornalista en *O Miñor*, *Atlántico Diario*, *20 Minutos Vigo*, *TEMPOS Novos* e no suplemento de libros *ProTexta*, do que foi editor e coordinador durante ano e medio, amais de colaborar na edición galega de *El País*. Actualmente forma parte do equipo de coordinación das áreas de Sociedade e Cultura no *Xornal de Galicia*. Coguionista e codirector dunha longametraxe documental sobre o poeta Lois Pereiro, en fase de produción, tamén exerce a crítica musical en *Mondosonoro* e *Popchild*, entre outras publicacións e portais. Membro do grupo Cidadanía e Comunicación (Cidacom) da USC, mantén principalmente dúas liñas de investigación: unha centrada no tratamento da violencia de xénero nos medios e outra nas relacións entre a prensa escrita e o campo literario galego. Especializado na obra xornalística de Carlos Casares, que está a compilar para a editorial Galaxia, ten publicado varios traballos sobre a materia.

Méixome Quinteiro, Carlos (Val, Lalín, 1954). Licenciado en Filosofía e Ciencias da Educación pola USC. Profesor de Xeografía e Historia no IES Escolas Proval de Nigrá. Durante algún tempo, en relación co IGADI, dedicouse ao estudo de cuestións internacionais e publicou, en colaboración, *O conflicto dos Balcáns: a ex-Yugoslavia* (1994), *Rusia das orixes á crise dun modelo* (1996) e *Cuba, independencia e revolución* (1998) así como artigos en diversos medios. Ten traballado aspectos da Historia Contemporánea de Galicia e publicado *Textos e Documentos para a Historia Contemporánea de Galicia* (1999) e *Castelao. Unha historia do nacionalismo galego* (2000). Na actualidade investiga sobre a represión franquista no período da guerra. Ten publicado artigos en medios como *A Nosa Terra*, *Tempos Novos*, *Murguía*, *Faro de Vigo*, *La Voz de Galicia* sendo colaborador habitual da *Peneira*. Dende a súa fundación é Director do Instituto de Estudos Miñoranos.

Mouriño Fernández, Miguel Anxo (Oubiña, Cambados, 1943) É mestre pola especialidade de filoloxía e autor de media ducia de libros de poesía e narrativa xuvenil. Como poeta publicou *Camariña: sete cruces e unha esperanza* (1991), *E segues a tirarme das entrañas* (1997), *Versos primos* (2007) e *Gondomar de Pablo* (2008). Como narrador *Os arriscados* (2004) e *O reino ideal* (2007). A súa vida sempre estivo ligada, dende moi pequeno, a Gondomar. É, tamén, membro do IEM e director da súa sección de Filoloxía e Literatura.

Queixas Zas, Mercedes. Licenciada en Filoloxía Galego-Portuguesa pola Universidade da Coruña. Profesora de Lingua Galega e Literatura. Traballa como coordinadora territorial dos equipos de normalización e dinamización lingüística. É autora de ensaios de carácter divulgativo como *Os trobadores do Reino de Galiza* (1997) ou *Breve historia da literatura galega* (1999). Colaborou na *Historia da Literatura Galega* (1996) e coautora do manual *Historia xeral da literatura galega* (2001). Así como do ensaio divulgador *Frei Martín Sarmiento. O inicio da recuperación da conciencia galega* (2002). No eido da tradución, é responsábel da versión galega dos volumes *Nacionalismos no mundo* (1997), e *España uniforme* (2001). Vén de realizar unha achega á personalidade de Manuel María a través da exposición *Manuel María: a palabra viva* e da unidade didáctica *Ferrados de corazón, fanegas de alma*.

Valverde Alonso, Antonio (Vigo, 1934). Licenciado en Dereito pola USC. Traballou sempre nos negocios familiares e estudou Dereito. Foi un dos impulsores do primeiro cine club de Vigo. En 1972 trasládase a Madrid para traballar nunha empresa familiar de elaboración de vidro. Despois faino nunha fábrica de produtos plásticos e dende ela impulsa a Asociación de Transformadores de Plástico de Madrid da que foi Secretario Xeral. Baixo a súa dirección a Asociación estenderase ás dúas comunidades de Castela. En 1983 fúndase a Federación Nacional de Transformadores de Plástico e simultanea o cargo de Secretario Xeral co de director da revista *Fetrplast* ata a súa xubilación. Vén de recibir o VI Premio de xornalismo Nano Cambeiro pola súa serie de relatos *Cruceiro de San Campio*.